



**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS
NEGOCIOS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO AFECTADOS POLA
DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19**

1. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata fronte as graves consecuencias derivadas da crise económica provocada pola pandemia do COVID-19, tratando de mitigar os efectos económicos negativos aos que se enfrontan os negocios con domicilio social e fiscal en Mondariz Balneario.

Como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como polo disposto no Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, produciuse o cese da actividade de determinados negocios deste termo municipal.

O que se pretende coa presente convocatoria é protexer o interese xeral da veciñanza de Mondariz Balneario, dando soporte ás persoas autónomas e empresas de ata 5 traballadores para minimizar o impacto da crise económica e lograr que, finalizada a situación de alarma sanitaria, prodúzase canto antes unha reactivación da economía do noso Concello, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

2. Natureza e réxime das axudas

2.1. Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

2.2. Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrència competitiva, para todo aquel que cumpra as condicións, segundo orde de entrada e ata esgotar crédito.

2.3. A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e,





supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.4. A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. Crédito orzamentario

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 9.800,00 € do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 439-479.

4. Contía das axudas

A axuda consistirá nunha cantidade única coa que se apoia o compromiso de manter a actividade económica e o emprego.

Concederáse unha cantidade fixa de **600 €** para as persoas físicas ou xurídicas que realicen unha actividade que se viu afectada polo peche de establecementos disposto no Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

5. Beneficiarios

As persoas autónomas ou empresas de ata 5 traballadores que realicen unha actividade que resultou afectada polo peche de establecementos previsto polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarando o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19.

5.1. Requisitos das persoas beneficiarias

- Persoas autónomas ou empresas de ata 5 traballadores.
- Deben ser persoas físicas ou xurídicas co seu domicilio social e fiscal no Concello de Mondariz Balneario, e contar con establecemento aberto ao público nesta localidade.
- Estar de alta coa actividade o 1 de marzo de 2020.
- A presentación da solicitude de axuda por parte do representante da actividade irá acompañada dunha declaración xurada de acordo co *ANEXO II* destas bases e na que se faga constar que é titular dunha actividade que se viu afectada como consecuencia da declaración do estado de alarma, que cumpre os requisitos esixidos





nestas bases para solicitar a axuda e que se compromete a manter a actividade económica e as persoas contratadas, se as houberse no momento do peche, durante os 4 meses seguintes ao levantamento da declaración do estado de alarma que permita a apertura da actividade.

- Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos que ademais traballen por conta allea, nin as persoas ou entidades nas que conorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro (estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e co concello de Mondariz Balneario, requisito que deberá cumprirse dende a data de presentación da solicitude ata a data de pago da subvención, no seu caso).

6. Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes realizaranse no modelo que se achega a esta convocatoria (*ANEXO I*) e que estará dispoñible na web municipal (www.mondarizbalneario.es) .

A solicitude deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e presentarse preferentemente por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello de Mondariz Balneario ou por calquera dos medios que se recollen no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

1. Acreditación da personalidade do solicitante mediante fotocopia do documento de identidade vixente, ben do empresario autónomo ou do representante no caso de persoa xurídica. Neste último caso presentarse ademais o CIF, os actos de constitución e a documentación acreditativa da representación que ostenta.
2. En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens.
3. Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
4. Certificado bancario ou similar que acredite o número e a titularidade da conta onde efectuar o pago da subvención. Aceptarase a presentación de calquera documento (recibo, copia da conta de aforro, etc.) que posibilite a identificación do número de conta e o seu titular.
5. Declaración xurada (*ANEXO II*)





O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido, a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio e a non presentación da documentación esixida nestas bases serán causas de inadmisión.

7. Instrución e procedemento

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria realizarase conforme co establecido nos artigos 22 a 27 da LXS.

A instrución do procedemento dependerá directamente da Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.


O procedemento para a concesión desta axuda iniciárase unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes.

Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos na presente norma reguladora da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que subsane a súa solicitude no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fai, terase por desistido no procedemento.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o Alcalde formulará propostas de resolución provisional debidamente motivadas, que serán notificadas aos interesados mediante a súa publicación no taboleiro web de anuncios do Concello, concedendo un prazo de 5 días para a presentación de alegacións.

Despois de examinar as alegacións, de ser o caso, e unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, expresamente, a desestimación das solicitudes que non cumpran os requisitos.

A valoración das solicitudes de subvención presentadas, unha vez comprobado que as mesmas reúnen todos os requisitos establecidos na convocatoria, realizarase mediante informe que se elevará ao órgano competente. A resolución de concesión e/ou denegación das axudas corresponderá ao Alcalde-Presidente.





A resolución das axudas efectuarase por orde de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos para poder ser valoradas ata esgotarse o crédito orzamentario destinado a esta convocatoria de axudas. No caso de que deba subsanarse algunha solicitude, considerarase a estes efectos a data na que a solicitude este completa e sexa posible a súa valoración.

O prazo máximo de resolución e notificación será de tres meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa

De conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra dita resolución poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co Artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.


8. Forma de pago

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías. Dito pago considerarase un pago a conta da xustificación a presentar, de acordo co artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

9. Obrigas dos beneficiarios

Sen prexuízo do disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 Novembro, son obrigacións dos beneficiarios:

- O mantemento da actividade económica e das persoas contratadas, de ser o caso, no momento do peche, durante os catro meses seguintes ao levantamento da declaración do estado de alarma.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola





normativa vixente en materia de subvencións

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. En caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

10. Xustificación das axudas


No prazo máximo de 6 meses contados a partir da resolución de concesión, as persoas beneficiarias da subvención terán que presentar por rexistro, copia e orixinal que será devolto posteriormente á súa comprobación, da seguinte documentación:

- Informe actualizado sobre a vida laboral do solicitante emitido pola Seguridade Social onde quede acreditado que o negocio estaba dado de alta na data da declaración do estado de alarma, é dicir, o 14 de marzo e que estivo mantendo a súa actividade durante os 4 meses posteriores ao levantamento da declaración de estado de alarma.
- No seu caso, acreditación do número de traballadores da empresa e que os mesmos continúan contratados durante os 4 meses posteriores ao levantamento da declaración do estado de alarma que permita a apertura da actividade. Para isto aportará a relación nominal de traballadores.

11. Compatibilidade con outras subvencións

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderá superar a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

12. Reintegro da subvención





O reembolso total ou parcial da subvención será acordado polo órgano outorgante da mesma, respondendo sempre ao principio de proporcionalidade, e atendendo ás seguintes circunstancias:

- Non mantemento da actividade e número de persoas contratadas na súa actividade durante os catro meses posteriores á presentación da declaración do estado de alarma que lle permita a apertura da súa actividade.
- Incumprimento da obriga de xustificar.
- Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro.
- Falsidade nos datos facilitados para acollerse á solicitude de axuda.

13. Comprobación e control financeiro

As actuacións subvencionadas poden estar suxeitas a verificación e control financeiro en calquera fase da súa execución por parte do Concello. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar o acceso ao lugar da acción e aportar canta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.

O control financeiro terá como obxectivo verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

14. Responsabilidade e réxime sancionador


Estarase ao disposto con carácter xeral polo Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.





ANEXO I- SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apelidos/Razón Social			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico
DATOS DO REPRESENTANTE			
Nome e Apelidos			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico
DATOS DA NOTIFICACIÓN			
PERSOA A NOTIFICAR		MEDIO DE NOTIFICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Solicitante <input type="checkbox"/> Representante		<input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA			
<input type="checkbox"/> DNI do solicitante <input type="checkbox"/> CIF da entidade <input type="checkbox"/> Escritura de constitución da persoa xurídica <input type="checkbox"/> DNI do representante (no seu caso) <input type="checkbox"/> Poder do representante e da persoa que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa. <input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria do solicitante <input type="checkbox"/> Resolución/certificación de alta no RETA <input type="checkbox"/> Certificado de Situación Censal que indique a actividade económica con data de alta, domicilio fiscal e no seu caso do local de desenvolvemento da actividade			
<p>O abaixo asinante presenta esta solicitude asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria, con todas as obrigas que da mesma se derivan, e declara a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao Concello de Mondariz Balneario para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:</p> <p>Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias do ORAL e o Concello</p> <p>En Mondariz Balneario, de de 20</p>			





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

(Sinatura do solicitante)

PROTECCIÓN DE DATOS:

- Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Mondariz Balneario
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Os datos cederanse a outras administracións públicas. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. Dereitos Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.mondarizbalneario.es

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO





ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____,
_____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da
Entidade _____, con NIF núm. _____, a efectos da súa
participación na CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS NEGOCIOS DO CONCELLO
DE MONDARIZ BALNEARIO AFECTADOS POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLO
COVID-19, **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que a actividade viuse afectada polo peche de establecementos disposto polo RD 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante comprométese ao mantemento da actividade económica e das persoas contratadas, se as houbera, no momento de aplicación do estado de alarma decretado polo RD 463/2020, durante os 4 meses seguintes ao levantamento da declaración de estado de alarma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello de Mondariz Balneario.

E para que conste, asino a presente declaración.

En Mondariz Balneario, de de 20

